

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E O CONCELLO DE CARBALLEDO PARA
REFORMA E AMPLIACIÓN DUN EDIFICIO PARA DESTINALO A CENTRO ONDE
SE PRESTEN SERVIZOS DAS CARTEIRAS DE SERVIZOS DE PROMOCIÓN DA
AUTONOMÍA E DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA.**

Santiago de Compostela a 3 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Política Social, no seu nome e representación, D. José Manuel Rey Varela, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que a este lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, tendo en conta o Decreto 126/2015, do 4 de outubro, polo que se nomea Conselleiro de Política social e de conformidade co disposto no Decreto 116/2015 polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 129/2015 polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías de Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e



Doutra parte, o Concello de Carballedo e, no seu nome e representación, o seu alcalde-presidente, D. Julio Yebra Pimentel, actuando en nome e representación do referido concello, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e o artigo 24 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Todas as partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, a capacidade legal suficiente para asinar o presente convenio de colaboración, e para o efecto



EXPOÑEN

1.- Que dentro do Programa de Desenvolvemento Rural Sostible, desenrolado a partir do Real Decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aprobou o primeiro programa de desenvolvemento rural sostible para o período 2010-2014 en aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro para o desenvolvemento sostible do medio rural, aprobouse o plan de zona de Lugo Sur. No documento, relativo ó espazo rural no que se atopa o Concello de Carballedo, establecíanse como actuacións de reserva, non financiadas polo Plan pero susceptibles de ser activadas en caso de incrementarse as dispoñibilidades orzamentarias, a mellora das estruturas para a protección social do medio rural.

2.- Que estas actuacións, do primeiro nivel de reserva do Plan concretábanse no financiamento de proxectos destinados á posta en funcionamento de centros destinados á prestación de servizos sociais, prioritariamente centros de atención diúrna e residencias de maiores dependentes, co fin de incrementar as prazas dispoñibles destes recursos. A forma prevista para instrumentar estas actuacións cando os inmobles fosen titularidade das corporacións locais era o convenio de colaboración con estas.

3.- Que a execución do Plan de Desenvolvemento Rural e as dispoñibilidades orzamentarias deste impediron que se puidesen activar as actuacións en reserva, pese a persistir as necesidades que motivaron a previsión das mesma en dito plan. Estas razóns traen a causa do carácter prioritario da acción a desenvolver no concello de Carballedo.

4.- Que existe un interese publico en complementar o plan de zona e cubrir as necesidades persistentes. Considerándose oportuno para isto a posta en marcha dun centro no Concello de Carballedo que poida prestar un servizo de carácter asistencial e público no que as persoas maiores e/ou dependentes poidan recibir unha serie de coidados e atencións de carácter persoal, terapéutico e social.

5.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas en exclusiva as competencias en materia de asistencia social, de acordo coa Constitución española e o seu Estatuto de autonomía.





En base nesta competencia exclusiva aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que lle atribúe a esta administración autonómica a planificación, ordenación e coordinación das políticas autonómicas de benestar e, entre elas, as referidas á atención ás persoas maiores e ás persoas en situación de dependencia.

6.- Que na Comunidade Autónoma de Galicia, o departamento encargado da planificación, ordenación e coordinación das políticas referidas á atención ás persoas maiores en situación de dependencia correspóndelle á Consellería de Política Social, en virtude do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

7.- Que de acordo co artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co disposto nos artigos 10 a 13 deste mesmo texto legal, os concellos teñen atribuídas a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos, aínda que o artigo 59.i) tamén atribúe á Xunta de Galicia a creación, mantemento e xestión dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia.

8.- Que segundo o artigo 64 deste mesmo texto normativo, a Xunta de Galicia deberá cooperar cos concellos coa finalidade de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que se refire á creación e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos.

9.- Que a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia, inclúe no catálogo de dereitos recoñecibles a atención á persoas dependentes en centros de atención diúrna e centros residenciais.

Polo tanto, coa finalidade de mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas do Concello de Carballedo as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes:



CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.



O obxecto deste convenio de colaboración é o de establecer as bases de colaboración entre as partes que o asinan para a execución da reforma e ampliación dun edificio para destinalo a centro onde se presten servizos das carteiras de servizos de promoción da autonomía e de atención á dependencia, no Concello de Carballedo, por un importe estimado total de 791.945 €, mediante unha contribución máxima da consellería de 700.000 euros. O concello pola súa banda comprométese a aportar 91.945 € do importe total. As cantidades executadas que excedan deste importe serán por conta do concello; sen prexuízo do anterior, admitirase a variación dos importes inicialmente previstos para as partidas obxecto do convenio sempre que no seu conxunto non excedan do importe total.

SEGUNDA.- Obrigas das partes.

a) Obrigas da Consellería de Política Social



A Consellería de Política Social comprométese a achegar, para o financiamento do investimento obxecto deste convenio, unha cantidade máxima de 700.000 euros durante as anualidades 2016 e 2017, con cargo á aplicación orzamentaria 12.04.312E.761.0 dos orzamentos de gastos da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, coa seguinte distribución

Anualidade	Importe
2016	250.000 euros
2017	450.000 euros


2. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de maiores e Persoas con Discapacidade tramitará, de ser o caso, as propostas de ordenación dos pagamentos correspondentes á execución do obxecto do presente convenio, a medida que a corporación local de Carballedo presente os correspondentes xustificantes do investimento REALIZADO e acreditación do pagamento efectuado, segundo o especificado na cláusula cuarta.



b) Obrigas do Concello de Carballedo

1. O concello comprométese a achegar, para o financiamento do obxecto deste convenio a cantidade de 91.945 euros para un investimento total de 791.945. Asimesmo , as cantidades executadas que excedan do citado investimento total serán por conta do concello.
2. Para poder obter a condición de beneficiario desta subvención, o Concello de Carballedo deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Ademais, a dita corporación local tamén deberá cumprir coas obrigas que o artigo 11 da dita lei de subvencións de Galicia, establece para os beneficiarios destas subvencións. Para acreditar o cumprimento da obriga de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, bastará coa presentación dunha declaración responsable, segundo o indicado no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Este requisito de estar ao corrente no cumprimento das ditas obrigas, deberá acreditarse con carácter previo á sinatura deste convenio e tamén en cada un dos pagamentos da subvención. Ademais, sendo de aplicación o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello deberá cumprir o deber de remisión ó Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio. A estes efectos a Consellería de Política Social, de oficio, comprobará o dito requisito.
3. O concello deberá aportar con carácter previo á formalización deste convenio testemuña do acordo adoptado polo órgano municipal competente sobre a disposición, libre de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levala a cabo.
4. Con carácter previo á licitación das accións correspondentes ao obxecto do presente convenio, o Concello de Carballedo deberá acadar a viabilidade do





proxecto construtivo, por parte do órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Consellería de Política Social.


5. O Concello de Carballedo comprométese a tramitar, impulsar e levar a cabo todas as contratacións necesarias para que o investimento obxecto deste convenio se poida levar a cabo. Tamén se compromete a presentar ante a Dirección Xeral do Maior e Persoas con Discapacidade da Consellería de

Política Social, os contratos de obra, ou prestación do servizo que correspondan e a resolución de adxudicación do contrato, así como todos os xustificantes dos custos derivados da execución do dito investimento. O orzamento previsto para as partidas incluídas no obxecto de presente convenio poderán verse incrementadas con cargo as minoracións que, na mesma contía, se produzan nos procedementos de licitación do resto das partidas sen que en ningún caso o importe total de todas as partidas poida exceder do importe do investimento autorizado na cláusula primeira.

De acordo co artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, deberanse solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, ou a prestación do servizo, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

En toda a cartelería referente a este investimento deberá reflectirse, en todo caso, que se trata dun proxecto financiado pola Xunta de Galicia.

6. O Concello de Carballedo deberá sinalizar e identificar a "actuación" derivada deste convenio cos carteis e os logotipos da Xunta de Galicia e do Concello de Carballedo que se especifican no Anexo I do presente convenio, de acordo coas súas respectivas normas de identidade corporativa.
7. Serán tamén obrigas do concello beneficiario as seguintes, recollidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia:



- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.


- d) Comunicarlle ao órgano concedente, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- e) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.





g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) De conformidade co artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballedo deberá destinar os bens ó recurso de centro onde se presten servizos das carteiras de servizos de promoción da autonomía e de atención á dependencia, durante un mínimo de 5 anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público e durante un mínimo de 2 anos para os restantes bens.

8. De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o concello deberá cumprir as obrigas que sobre a subministración de información se poidan requirir. Para o caso do incumprimento desta obriga estarase ó disposto no artigo 4.4 da devandita lei.



9. O Concello de Carballedo comprométese a entregar á Consellería de Política Social (Dirección Xeral do Maior e Persoas con Discapacidade) toda a documentación que sexa precisa para os efectos de xustificar o investimento realizado.

10. O Concello de Carballedo tamén se compromete a que a subscripción deste convenio non supoña incremento do gasto para a Xunta de Galicia, co obxecto de atender os gastos de funcionamento do equipamento unha vez construído. A tales efectos e de acordo co artigo 68. 2. a) da Lei 13/2008, de 3 decembro, de servizos sociais de Galicia, deberá aportar un plan de viabilidade económica do concello, con informe favorable da persoa que exerza a intervención da entidade local, no que se garanta a sustentabilidade financeira das novas actividades económicas.

TERCEIRA.- Publicidade.

As partes asinantes autorizan, coa formalización do presente convenio, a que se inclúan e fagan públicos os datos relativos á achega económica outorgada por medio do presente convenio, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005,



do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, así como a que se publiquen estes datos no Diario Oficial de Galicia e na web da Consellería de Política Social, de conformidade coas previsións normativas dos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e dos artigos 15 e 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Igualmente as partes asinantes consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións incluídas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o presente convenio e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

CUARTA.- Xustificación e forma de pagamento.

A Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade efectuará o pagamento das contías comprometidas en favor do Concello de Carballedo para ese exercicio, unha vez que o concello teña contabilizado o recoñecemento das obrigas polo órgano competente da entidade local. Para o cal, con carácter preferente, deberá achegar os certificados de obra e demais facturas referentes ao gasto realizado para a execución deste investimento, en particular as do proxecto de obra cando así corresponda, que deberán ir acompañadas dunha certificación expedida polo órgano correspondente da corporación local beneficiaria, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente. De acordo co anterior, ao abeiro do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 62 e 63 do regulamento que a desenvolve, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, efectuaranse pagamentos anticipados e pagamentos á conta (pagamentos fraccionados que responden ao ritmo de execución das accións subvencionadas) á favor do Concello de Carballedo. Os pagamentos anticipados poderán chegar ata o 50% do importe do convenio sen que se supere o importe da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá exceder o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Os pagamentos á conta efectuaranse contra xustificantes de gasto (facturas) acreditativos dos gastos de execución do investimento subvencionado, aos que deberán xuntar certificación do





órgano que teña atribuídas na devandita entidade as facultades de control da toma de razón en contabilidade do recoñecemento da obriga polos citados importes e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, así como unha declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Aos efectos do previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello de Carballedo, deberá presentar estes xustificantes ante a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, na data límite do 10 de decembro de cada exercicio orzamentario.


A porcentaxe da subvención pendente de aboar, tras os pagamentos anticipados e á conta, será satisfeita cando o concello achegue xustificantes de gasto e certificación do órgano que teña atribuídas na dita entidade as correspondentes facultades de control da toma de razón en contabilidade do recoñecemento da obriga polo importe total da actuación subvencionada así como do cumprimento da finalidade para a que esta foi concedida.



En todo caso, como xustificación final da subvención e como requisito para a tramitación do derradeiro pagamento, o Concello de Carballedo deberá aportar a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma.

Coa documentación xustificativa acreditativa de cada un dos pagamentos, a corporación local de Carballedo deberá indicar expresamente se está a presentar unha xustificación parcial e a solicitar, en consecuencia, o correspondente pagamento parcial, ou se, pola contra, está a presentar a xustificación total ou final do investimento financiado e a solicitar, en consecuencia, o correspondente pagamento total ou final.

Cando se trate da xustificación total ou final do investimento subvencionado, e antes do derradeiro pagamento, a dita corporación local deberá presentar unha certificación complementaria, emitida polo órgano correspondente da corporación local (intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón



en contabilidade), que faga constar expresamente que o importe da transferencia realizada foi destinado á súa finalidade, acompañada dun informe do técnico municipal competente en materia de obras ou arquitecto director de obra, no cal se certifique expresamente que a obra se executou segundo o proxecto aprobado que serviu de base á transferencia, que cumpre coa legalidade vixente en materia de seguridade, accesibilidade e co resto da lexislación de xeral aplicación.


Este informe deberá ser visado polo alcalde-presidente da dita corporación municipal.

Coa conta xustificativa da subvención, ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, segundo o artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, deberá achegar a certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación do órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar o contido detallado no citado precepto. Igualmente, de ser o caso, deberá presentar a restante documentación á que fai referencia o mencionado artigo, en especial, os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O Concello de Carballo sempre estará obrigado a acreditar documentalmente, no prazo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na súa conta bancaria, a efectividade dos pagamentos realizados polo dito concello, correspondentes aos aboamentos destinados ao financiamento da execución do dito investimento.

A corporación local tamén estará obrigada a achegar toda a documentación xustificativa que se lle requira, correspondente ao investimento obxecto deste convenio, para a súa xustificación.

A contía concedida á corporación local, en virtude deste convenio de colaboración, para financiar a execución do investimento, será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 17.2 e 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



A dita documentación xustificativa poderá incluír os gastos derivados da execución do dito investimento que se orixinasen con anterioridade á data da sinatura do convenio, sempre que se comprometeran no exercicio orzamentario corrente.

Segundo o artigo 3.2 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, no caso de que se realizaran pagamentos anticipados á entidade local como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación.

No caso de que o Concello de Carballo non cumpra coas condicións establecidas neste convenio de colaboración para obter o financiamento para a execución do investimento, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente, dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos e na forma establecidos no artigo 33 a 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Modificación e resolución do convenio.

a) Modificación do convenio.

As partes asinantes, poderán solicitar a modificación do presente convenio no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula sexta do presente convenio. De acordarse a modificación, esta formalizarase a través dun instrumento que será asinado polas partes convenientes.

b) Resolución do convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora reportados dende o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Así mesmo, serán causas de resolución as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes formulada expresamente cunha antelación mínima dun mes.
- O mutuo acordo das partes.



- O incumprimento das cláusulas do presente convenio, en particular, as obrigas das partes establecidas na cláusula segunda deste.
- Cando resulte inviable a realización das actuacións descritas no convenio por causas non imputables ás partes ou por se producir cambios normativos que afecten substancialmente ás disposicións vixentes a súa sinatura, que ampararon a súa subscrición.

SEXTA.- Comisión de seguimento.



Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio de colaboración creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas cada unha das entidades afectadas polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será convocada por orde da súa presidencia e será o mecanismo de actuación conxunta para levar a cabo o seguimento e avaliación das actuacións previstas no presente convenio. Estará formada, por parte da Consellería de Política Social, por dous/dúas representantes designados/as pola Dirección Xeral do Maior e Persoas con Discapacidade e, por parte do Concello de Carballo por dous/dúas representantes designados/as polo Concello. A dita comisión será presidida por un dos representantes da Consellería de Política Social.

SÉTIMA.- Duración do convenio.



O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e estará en vigor ata o 31 de decembro do ano 2017. Non obstante, poderá ser obxecto de prórroga, que deberá ser expresa, polo tempo adicional que sexa necesario para a completa execución das actuacións que constitúen o seu obxecto, previa tramitación dos correspondentes reaxustes orzamentarios e contables.

OITAVA.- Natureza do convenio.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e tamén pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse, serán tamén de aplicación os principios



contidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.


Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación, modificación e resolución do presente convenio, e os seus acordos poñen fin á vía administrativa. Contra os mesmos cabe interpoñer o recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, por triplicado, este exemplar no lugar e data que se indica no encabezamento.

CONSELLEIRO DE POLÍTICA
SOCIAL

José Manuel Rey Varela

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CARBALLEDO



Julio Yebra Pimentel



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I

LOGOTIPOS E MODELOS A UTILIZAR NAS ACTUACIÓNS DE
INFORMACIÓN, PUBLICIDADE, DIFUSIÓN



XUNTA
DE GALICIA